**Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria:** Cos obxectivos aplicados desde a entrada en vigor da LO 2/2012 A CORPORACIÓN LOCAL NON CUMPRE CO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA. Este incumprimento é meramente informativo ao suspenderse as regras fiscais para 2020 e 2021.

**Cumprimento obxectivo de regra de gasto:** NON SE EVALÚA O CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO de acordo coa LO 2/2012 ao suspenderse as regras fiscais para 2020 e 2021, por Acordo de Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 e Acordo do Congreso dos Deputados de 20 de outubro de 2020.

**Cumprimento dos límites da débeda viva:** Si.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8213665958858635587.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE DO 14-10-2021

### **7. CONTA ANUAL DO EXERCICIO 2020 DE EVISLUSA:**

A Corporación Municipal de Lugo, en funcións de Xunta Xeral da EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DE LUGO, S.A., celebrou o día 29 de abril de 2021, por medios telemáticos, Xunta Xeral UNIVERSAL, adoptando os acordos que se conteñen na acta da dita sesión que de seguido se transcribe literalmente:

*“PRIMEIRO.- Aprobar a xestión social e as Contas Anuais correspondentes ao exercicio do 2020, asinadas por todos os membros do órgano administrativo vixente asistentes á reunión.*

*SEGUNDO.- Aplicar o resultado do exercicio nos seguintes termos:*

*BASE DO REPARTO:*

*Perdas e ganancias do exercicio..... 364,64 €*

*TOTAL ..... 364,64 €*

*APLICACIÓN:*

*Reservas Voluntarias ..... 364,64 €*

*TOTAL ..... 364,64 €*

*TERCEIRO.- Tomar razón do Informe de Xestión correspondente ao exercicio 2020, previsto no artigo 262 da Lei de Sociedades de Capital, segundo informe elaborado polo Director Xerente da Empresa.*

*CUARTO.- Tomar razón do Informe de Auditoría de Contas do exercicio 2020, incorporado ao expediente, xa que, de cara a un maior control e transparencia, as referidas contas foron sometidas a verificación de auditor, aínda que a Sociedade cumpre, na data de peche do exercicio, os requisitos establecidos no artigo 263 do R.D.L. 1/2010 do T.R. da Lei de Sociedades de Capital e non sería esixible informe de auditoría.*

*QUINTO.- Ratificar o acordo adoptado polo Consello de Administración de EVISLUSA en sesión celebrada o día 25 de marzo de 2021, relativo á aprobación da contratación dunha auditoría para as contas correspondentes ao exercicio 2021 de cara a un maior control e transparencia.*

*5/5 ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.*

*6/6 APROBACIÓN, DE SER O CASO, DA ACTA DA PRESENTE XUNTA XERAL UNIVERSAL”.*

### **8.- ESTADOS CONSOLIDADOS 2020**

DECRETO núm. 1425/2021 de data 25 de febreiro de 2021:

**ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS 2020 - LIQUIDACIÓN**

	ESTADO DE GASTOS	LIQUIDACION ORZAMENTO CORPORACIÓN (ORN)	ORZAMENTO EVISLUSA	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	AXUSTES A REALIZAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
1	Gastos de Persoal.	25.898.724,07	223.835,18	0,00	0,00	26.122.559,25
2	Gastos en Bens Correntes e Servizos.	47.199.410,47	21.633,40	0,00	0,00	47.221.043,87
3	Gastos Financeiros.	120.289,31	728,58	0,00	0,00	121.017,89
4	Transferencias Correntes.	8.620.781,16	0,00	-255.047,99	8.850,83	8.374.584,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>TOTAL OPERACIÓN CORRENTES</b>	<b>81.839.205,01</b>	<b>246.197,16</b>	<b>-255.047,99</b>	<b>8.850,83</b>	<b>81.839.205,01</b>
6	Investimentos Reais.	6.870.468,11	0,00	0,00	0,00	6.870.468,11
7	Transferencias de Capital.	907.418,04	0,00	0,00	0,00	907.418,04
	<b>TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	<b>7.777.886,15</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>7.777.886,15</b>
	<b>TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS</b>	<b>89.617.091,16</b>	<b>246.197,16</b>	<b>-255.047,99</b>	<b>8.850,83</b>	<b>89.617.091,16</b>
8	Activos Financeiros.	23.672,15	0,00	0,00	0,00	23.672,15
9	Pasivos Financeiros.	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS</b>	<b>23.672,15</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>23.672,15</b>
	<b>Total</b>	<b>89.640.763,31</b>	<b>246.197,16</b>	<b>-255.047,99</b>	<b>8.850,83</b>	<b>89.640.763,31</b>

**ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS 2020 - LIQUIDACIÓN**

	ESTADO DE INGRESOS	LIQUIDACIÓN ORZAMENTO CORPORACIÓN (DRN)	ORZAMENTO EVISLUSA	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	AXUSTES A REALIZAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
1	Impostos Directos.	35.404.421,20	0,00	0,00		35.404.421,20
2	Impostos Indirectos.	3.190.239,10	0,00	0,00		3.190.239,10
3	Taxas e Outros Ingresos.	16.657.799,57	0,00	0,00		16.657.799,57
4	Transferencias Correntes.	23.980.707,11	255.047,99	-255.047,99		23.980.707,11
5	Ingresos Patrimoniais.	218.943,45	0,00	0,00		218.943,45
	<b>TOTAL OPERACIÓN CORRENTES</b>	<b>79.452.110,43</b>	<b>255.047,99</b>	<b>-255.047,99</b>		<b>79.452.110,43</b>
6	Alleamento de Investimentos Reais.	18.854,83		0,00		18.854,83
7	Transferencias de Capital.	542.777,04	0,00	0,00		542.777,04
	<b>TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	<b>561.631,87</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>		<b>561.631,87</b>

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8213665958858635587.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE DO 14-10-2021

	<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>80.013.742,30</b>	<b>255.047,99</b>	<b>-255.047,99</b>		<b>80.013.742,30</b>
8	Activos Financeiros.	22.119,58	0,00	0,00		22.119,58
9	Pasivos Financeiros.	0,00	0,00	0,00		0,00
	<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>22.119,58</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>		<b>22.119,58</b>
	<b>TOTAL</b>	<b>80.035.861,88</b>	<b>255.047,99</b>	<b>-255.047,99</b>		<b>80.035.861,88</b>

### DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Iniciamos entón o debate coa portavoz do Goberno, a concelleira de Gobernanza e de Economía, a señora Alvarellos, 3 minutos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Bos días a todos e a todas.

A conta xeral do ano 2020 que hoxe presentamos para a súa aprobación pon de manifesto unha vez máis que o Concello de Lugo é unha Administración solvente, saneada, que amosa un balance positivo e que ademais traballa e se esforza cada día e cada ano para mellorar os indicadores económicos que así nos definen, e nomeadamente neste exercicio 2020 tan marcado e condicionado pola pandemia mundial que tivemos que afrontar.

Polo que farei un resumo desta conta xeral segundo os seguintes indicadores:

Respecto dos ingresos, como xa anunciei e puxen de manifesto na Comisión de Contas extraordinaria, o impacto da inactividade económica e social xerada pola pandemia mermou en 4 millóns de euros a recadación municipal do ano 2020, unha diminución de ingresos derivada fundamentalmente da ausencia de actividade durante todo o estado de alarma, que freou o investimento privado e paralizou moitos sectores, nomeadamente a industria cultural e de ocio, entre eles a hostalería, que ten un importante peso no PIB local e nacional. Pero que tampouco foi alleo á construción, un dos polos de negocio máis importantes desta cidade. Así, podo poñer como exemplo o imposto do ICIO, que decaeu un 49%, evidencia de que o volume de obras e reformas na construción se resentiu moitísimo. Tamén podemos dicilo respecto da taxa, por exemplo, da apertura de establecementos, que tamén dá boa conta da baixada dos niveis de investimento que houbo privados en Lugo nese momento. Por non falar tamén de ingresos por exemplo das escolas deportivas, que tamén decaeron un 44% ante a necesidade de utilizar as instalacións deportivas durante varios meses e as limitacións de aforo incluso posteriores.

Igualmente, ademais destas consecuencias da parálise que houbo, tamén se optou por este Goberno por eximir o tecido produtivo local dalgunhas taxas e prezos públicos para dotalos de liquidez e impulsar a reactivación económica do noso municipio. Temos como exemplo as taxas de ocupación de vía pública por terrazas, por exemplo, que o pasado ano ingresamos 0 € por iso, precisamente para darlles vitalidade a determinados sectores moi importantes nesta cidade.

Así, o 2020 arroxou un saldo de 80 millóns de euros en dereitos recoñecidos, dos que forman parte tanto os impostos directos como os indirectos.

E, respecto dos gastos, o balance contable do Concello certifica que a Administración local executou este ano máis do 82% do gasto comprometido ao efectivizar o pago de máis de 86 millóns de euros dos 104 que se adxudicaron. Tamén foron destinados a garantir o correcto desenvolvemento de servizos que neste tempo se consideraron esenciais, como emerxencia social, axudas a alugueiro, etc.

Polo cal as nosas contas o que reflicten é que temos unha débeda cero e se alcanzan excelentes resultados en indicadores económicos tan importantes como a liquidación inmediata...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz de Cidadáns, 3 minutos.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moi bos días a todos e a todas.

Pois é verdade que o 2020 foi un ano, dadas as circunstancias acaecidas pola crise da Covid, caracterizado polas consecuencias graves económicas que afectaron a todos os sectores polos meses de inactividade debido a esas restricións sanitarias que tamén afectaron a esta Administración e polo sobre esforzo de medios tamén económicos que afrontaron as entidades locais por ser as administracións máis cercanas aos cidadáns para tratar de paliar todos estes efectos negativos.

Ninguén pode pór en dúbida esta situación e por iso desde o Grupo Municipal de Ciudadanos defendemos que esta Administración tiña que tender a man á sociedade lucense tomando medidas extraordinarias, poñendo recursos municipais á disposición da cidadanía e permitíndose unha merma de ingresos, ademais tendo en conta os millóns de euros existentes en remanentes.

De aí que apoiásemos os suplementos de crédito e pediramos excepcións e bonificacións fiscais máis aló das terrazas para axudar aos sectores máis afectados pola crise. Como exixirille, por exemplo, ao sector hostaleiro o cobro das taxas da auga ou do lixo cando estiveron meses pechados e sen facer uso dos servizos? E o que atopamos foi unha absoluta falta de vontade por parte deste bigoberno municipal para abordar este asunto. Só contemplaron vostedes as axudas directas, que por outra banda puxeron de manifesto o arcaico desta Administración electrónica, incapaz de estar á altura das exixencias do momento.

A conta xeral de 2020 é a foto económica desta Administración en materia de xestión económica e evidencia síntomas, señora Alvarellos, que son moi preocupantes e que non se poden deixar en mans da inercia. Precisan da toma de decisións e de xestión, pero con maiúsculas, unha xestión propia dese carácter que amosou a señora Lara Méndez neste San Froilán para evitar que as arcas municipais deixen de estar hipotecadas ou poidan estar hipotecadas para os seguintes anos.

Nesta carreira ao tolo que se traen os dous partidos do bigoberno por ver quen sae máis guapo na foto ou quen sae antes ou quen anuncia o proxecto máis megaguay, están a abocar esta Administración a ser absolutamente incapaz de asumir o gasto

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8213665958858635587.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE DO 14-10-2021

que ten comprometido. No ano 2020 gastaron 9 millóns de euros máis do que ingresaron e moitos gastos extraordinarios, como as axudas da Covid, foron sufragados polos remanentes, polo que non contan. E isto sen ter en conta todos os gastos que se veñen encima: novos centros sociais, bañeiras de auga quente, o centro Coliving, o edificio verde..., mantemento dos cales descoñecemos o seu custo que se irá incrementando o capítulo de gastos, ao que contribuímos todos os lucenses, que parece que isto lles esquece unha vez máis.

Os ingresos non son infinitos, polo que ou rebaixan o seu ritmo de gasto público ou terán que dicirlles aos lucenses que van ter que pagar máis impostos e taxas para facer fronte aos seus caprichos.

Actualmente case o 60% deste orzamento, máis de 46 millóns de euros, vaise en contratos de mantemento de servizos, e iso sen ter en conta que moitos deles van ser moito máis elevados. O do lixo, se é que algún día se consegue aprobar este contrato; o de parques e xardíns; o de vixilancia... E non hai visos de que vostedes intenten acoutar este asunto.

O Servizo de Intervención xa dá conta desta situación, que esperemos que disto polo menos tome nota a señora Alvarellos, non faga como cos contratos menores, que non lles cortou o vicio aos seus socios de Goberno e séguena ser a ferramenta preferida para contratar, e, coincidencias da vida, en ocasións ata con afíns ao seu partido político. E isto favorece...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, e quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas e bo día, alcaldesa.

Mire, señora Alvarellos, a verdade é que estou moi sorprendido. Vostede que presume de ser tan rigorosa, traballadora e presumía deses tempos novos que se aveciñaban, hoxe teñen que convocarnos a un pleno extraordinario e urxente para aprobar a conta xeral porque, se non, xa incumprirían novamente os prazos que exige a normativa. E miren o que supón de gasto un pleno extraordinario para o Concello, non é moito pero vostedes non son capaces nin de evitar ese gasto extraordinario ao Concello. E iso que si tamén lle teño que recoñecer que o ano pasado vostede presentou esta conta no Pleno no mes de xaneiro, polo menos en algo imos mellorando.

Pero, miren, para nós desde logo que é moi preocupante o baixo nivel de execución orzamentaria do pasado exercicio, onde só se investiron, só se executou en investimentos e obras só 6,5 millóns de euros dos 33 que vostedes tiñan programados. E, miren, aquí desde logo que non serve só a excusa da pandemia, porque a construción non se viu afectada pola pandemia, a construción, gracias a Dios, tivo actividade durante a pandemia.

E iso por non falar do baixo nivel de captación de fondos europeos, onde vostedes prevían ingresar 6 millóns de euros e ingresaron vostedes o un 1%, é dicir, ingresaron vostedes de fondos europeos 29.000 €, deixando de investir en Lugo 26 millóns de euros dos que figuraban nos papeis da conta xeral e nos orzamentos,

algo que era moi necesario e que desde logo eran para mellorar a vida de barrios e parroquias.

Outro aspecto desolador que vemos nesta conta xeral é o aumento da cifra de incobrados alcanzando desde logo máximos históricos ata os 22 millóns de euros de saldos de dubidoso cobro durante o mandato da señora Méndez desde o 2015 a día de hoxe, e desde logo que é moi chamativo que este bigoberno de esquerdas que, despois de privatizar o cobro dos recibos e a recadación executiva, fose incapaz de frear esta sangría de morosos que xa alcanza, como dixen, récords históricos. Ben, pois eu creo que deben buscar fórmulas para poñer couto a esta situación.

E ao facer a análise da conta xeral tamén é verdade que somos conscientes, como dicía a señora Alvarellos, de que a pandemia provocou unha baixa comprensible nos ingresos das arcas municipais, pero desde logo que esta crise sanitaria non pode ser a única desculpa para a caída de ingresos. Eu creo que teñen que facer autocrítica a esa falta de xestión nos recursos públicos.

E, señores do BNG e do partido Socialista, estamos a falar de que o Concello de Lugo ingresou o 50% do que tiña previsto en 2020. De 149 millóns de euros que tiña previsto, ingresou soamente 70 millóns de euros; é dicir, 80 millóns de euros quedaron...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda para a portavoz do Goberno, a señora Alvarellos, minuto e medio.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Grazas, señora alcaldesa.

Mire, señor Carballo, eu non presumo de ser rigorosa e traballadora, nunca presumín diso. Efectivamente seguramente o son e polo menos inténtoo, pero nunca presumín diso, non como outros. Outros poderán presumir da ignorancia. Por exemplo, é que hai cousas que me chaman moitísimo a atención. Acaba de falar vostede dos dereitos de dubidoso cobro; se tivera unha mínima información, unha mínima información, sabería que están legalmente establecidos, é unha estimación que facemos á que nos obriga a lei, pero iso non quere dicir que estes dereitos despois se dean de baixa ou non se cobren. Pero, ben, non vou afondar máis.

O que non se pode facer é mentir, terxiversar, dar datos que non son reais. O que está claro é que o balance contable do Concello certifica que a Administración local executou este ano máis do 82% do gasto comprometido. Xa llo dixen antes e vólvooo repetir. En todo caso, o que reflicten as contas é o que reflicten as contas. Isto é un documento contable, si que é unha foto fixa e son datos contables. Aquí non se trata de se aprobamos ou non unha xestión política, estamos aprobando unha conta xeral que é precisamente iso, un simple documento contable. Pero tamén quero dicir que se executaron moitísimas cousas que non me deu tempo antes a dicirlle, pero simplemente voulle poñer algún exemplo: os novos centros de convivencia Paco Martín, o recentemente inaugurado parque novo Freire, a humanización de Quiroga Ballesteros, o acondicionamento do Carne ao seu paso polo Camiño Primitivo, por non dicirlle tamén a renovación da rede...

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8213665958858635587.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE DO 14-10-2021

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, finalizou o seu tempo. Quenda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señora Alvarellos, sabe o que certifica o balance desta conta xeral? Pois que incumpren vostedes o obxectivo de estabilidade orzamentaria, que presentan a conta xeral fóra de prazo, que seguen incrementando as facturas pagadas con reparo de legalidade, e iso que lle dixen que ía polo bo camiño, espero que cando analicemos a conta de 2021 non terme arrepentido das miñas palabras.

Mire, desde Ciudadanos, tendo en conta que só temos pouco máis de 4 minutos, só lle imos exixir varias cousas: o control exhaustivo do gasto público desta Administración. Non pode ser que este bigoberno gaste 254.000 € en propaganda política e só 217.000 en emerxencia social, por exemplo. Non pode ser que, de un orzamento de 149 millóns de euros, vostedes teñan recoñecida a obriga de tan só 89, nin un 60%. Esperemos que para os seguintes orzamentos non inflen vostedes as contas. Se non, pasará o que hoxe se comproba, un desfase absoluto entre os ingresos previstos e os dereitos finalmente recoñecidos que amosa que vostedes seguen a cadrar as contas públicas a machete e que os deixa como uns absolutos mentireiros, e a mentira non é boa compañeira da credibilidade que se lle exige a un representante político. Isto é o que desde Ciudadanos lle exiximos e lle pedimos para o próximo ano...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, última quenda para o portavoz do Partido Popular, señor Carballo.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa. Señora Alvarellos é verdade que vostede xa recoñece os incumprimentos constantes en materia económica no Concello, pero o que si lle pedimos é que non pensen só en subir os impostos a todos os veciños e veciñas de Lugo, que iso é o que pensan facer para tapar a súa nefasta xestión económica.

Miren, o que nos gustaría desde logo é que tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego se abrisen a un debate sereno para as novas ordenanzas. Nosoutros fixemos propostas con sentido común; o que lles pedimos é poder chegar a acordos nesas que son fundamentais, e pódolles algún exemplo: o que pasa coas pasaxes comerciais. Mire, aquí non é só un caso, dous casos, son varios casos de pequenos propietarios e pequenos negocios, tanto de talleres de coches como de pintura, onde vostedes lles duplicaron e lles triplicaron ese imposto durante o último ano, e aquí agora teñen a oportunidade de rectificar eses erros, igual que rectificaron o cobro dos recibos da auga. Polo tanto, aposten polo diálogo e deixen de aplicar o rodillo que soen aplicar no pleno.

E tamén me gustaría que se fixese unha reflexión sobre varios impostos relacionados coa construción que poñen de manifesto a nefasta xestión de funcionamento e a parálise do departamento de Urbanismo, co que implica iso de freo para obras e freo tamén para o emprego. Mire, aquí no ICIO, nas licenzas de



apertura de establecementos, hai un desfase do 60%, en canto ás infraccións urbanísticas ingresaron só dous...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Goberno, 30 segundos, señora Alvarellós.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Grazas, señora alcaldesa.

Señor Carballo, quere que lle volva a contar o que pasou coa mesa de ordenanzas do ano pasado? Aínda estou esperando a que me pasen as propostas, vinas na prensa a semana pasada. Ano e medio despois publicáronas na prensa. A min non me chegaron, sigo esperando, polo tanto non me fale das propostas que fixo o Partido Popular.

Pero, en todo caso, mire, unha boa xestión pública caracterízase por dúas notas fundamentais: unha xestación pausada e unha execución rápida. Estivemos xestando todo este tempo, a pesar da pandemia, do atraso que houbo con toda a pandemia, estivemos xestando. Agora está todo en tramitación, executarase o 100% no ano...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas. Pois iso que tanto predicán de non mentir ao cidadán, tamén lles diría eu que o practicasen, porque non se pode vir aquí a facer afirmacións que non están acompañadas da realidade e da verdade. Polo tanto, afirmacións tipo... Non lle imos a subir os impostos aos cidadáns; polo tanto, por moito que vostedes digan que lles imos subir os impostos, non é verdade. Que fan proposta serias que non é hoxe debate desas propostas que fixeron, pero seriedade teñen moi pouca e tocará o pleno onde se debata. Parálise en urbanismo, preguntarlles tamén: pasaron por alí? Preguntáronlles tamén cales son os procedementos?, como van axilizar? Pola información que eu teño, por moito que asintan, porque se trata de que realmente se preocupen e se informen do traballo que se está facendo e dos cambios que se están producindo para ser moitísimo máis áxiles.

En todo caso, eu quedo con esa cifra de cero, débeda cero, a pesar das circunstancias, a pesar dos 19 meses de pandemia tan complicados e tan complexos, que por un lado parecen entender, pero por outro lado exixen que se actúe con normalidade, coma se non tivese pasado absolutamente nada nestes 19 meses.

Pero, a pesar de todo, fomos quen e somos quen de manter esa débeda cero. Débeda cero onde se fixo un grande esforzo por parte de toda esta casa e os funcionarios desta casa. Aproveito para agradecer ese traballo inmenso, empezando polos de informática, que acabaron teletraballando na pandemia máis de 200 traballadores desta casa de todos os servizos. E que vostedes digan que a Administración non funcionou ben a pesar da situación na que estabamos, o punto de partida, que para iso tiñamos os fondos europeos para executar, que falen de que non se executou ben, nin con normalidade, nin que funcionou ben é unha mentira. Máis de 200 funcionarios teletraballando en tempo récord, que en poucas administracións poden dicir iso.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8213665958858635587.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE DO 14-10-2021

Os fondos, señor Carballo, hai créditos afectados comprometidos e polo tanto vanse executar, porque non se poden executar mentres non se materialicen as obras e as obras ás veces necesitamos tamén de permisos en moitos casos ás veces da Xunta de Galicia, de Patrimonio. Estamos pechando con eles. E, se se informara un pouquiño máis, porque ademais debería coñecelo, como deputado autonómico que é, pois ao mellor non facía esas afirmacións tan baladís.

Pero, reitero, ese cero, esa débeda cero, esa débeda que nos permite seguir investindo, que nos permite seguir reorientando o gasto deste Concello, máis de 20 millóns que fomos dedicando de fondos propios, de fondos propios, señor Carballo, porque, se a Xunta de Galicia tivese remitido algo aos concellos, porque a Xunta de Galicia sabe canto recibiu do Estado? Case 2.000 millóns de euros, case 2.000 millóns de euros. Para sanidade, para educación, para axudas directas, para outro tipo de cuestións, case 2.000 millóns de euros. Sabe de todo iso que recibiu pola pandemia canto recibimos os concellos, señor Carballo? Canto nos deu a Xunta de Galicia aos concellos? Cero €, como a nosa débeda, cero €. O que pasa é que nun caso esa cifra é positiva, débeda cero, e nalgún caso a cifra é negativa, cero € que recibimos da Xunta de Galicia.

Outras comunidades autónomas, incluso do Partido Popular, si lles fixeron transferencias aos concellos. No caso de Galicia, a Xunta cero €, e a pesar de todo temos esa merma de ingresos derivada desa situación que nós seguiremos facendo igualmente gasto, porque ese gasto que facemos é inversión na nosa cidade, son axudas directas aos traballadores, é o fomento da economía, é creación de emprego, é riqueza e polo tanto seguiremos traballando nesa liña porque é o que nos demandan os lucenses sobre todo nestes momentos tan complicados.

Polo tanto, grazas tamén ao Servizo Económico, á Concellería de Gobernanza por ese bo traballo que se está a facer.

Vamos entón votar a aprobación da conta xeral, que por certo vai en prazo e o pleno extraordinario é un segmento que nos dá a Administración e, polo tanto, utilízase para chegar en prazo e aprobar esta conta xeral, que é o que nos compete agora.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** .... Queríalle facer e gustaríame que nos explicara cal é o motivo polo cal non podemos celebrar os plenos presenciais no salón de plenos cando se levan feito recepcións, actos no Concello e no propio salón de plenos con máis de 25 persoas. Tivemos concertos, desenvolveuse o San Froilán con bastante normalidade e, polo tanto, nosoutros levamos pedindo volver á normalidade dos plenos durante tres meses. Fixémoslo persoalmente, fixémoslo por escrito e publicamente, e vemos que non. Pois eu creo que incluso no último pleno tamén pedín a palabra para facerlle esta reflexión e, como non é posible, polo menos pedímoslle a ver cando pensa vostede retomar os plenos presenciais, que eu creo que son moito máis produtivos e permítennos a todos os concelleiros polo menos transmitir e pasarnos información, e neste sistema que serviu durante a pandemia...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Mire, señor Carballo. A ver, primeiro, estamos nun pleno extraordinario, onde non hai nin rogos nin preguntas. Nos plenos ordinarios é onde se poden realizar os rogos e preguntas debidamente formuladas e plantexadas. No pasado pleno non fixo ningunha, fixeron un rogo nunha comisión, pero non o fixeron en tempo e forma para que poida responderse en pleno. Se vostede quería que se lle respondera en pleno a esta cuestión, tivo oportunidade de facelo no pleno pasado e no pleno que iremos celebrar neste mes, que ademais lle quedan poucos días para celebrar. En todo caso, creo que a resposta xa a sabe, porque xa se lle trasladou e a resposta é moi sinxela: é poder garantir a presenza das persoas que queiran vir e ter o dereito de presenciar os plenos. E nós celebramos plenos presenciais que non temos capacidade de manter as distancias de momento, non poderíamos darlle ese carácter de presencial e público.

En todo caso, señor Carballo, digo, ten os instrumentos ao seu alcance; o que ten é que utilízalos ben. Hoxe estamos nunha convocatoria de pleno extraordinario onde non hai punto de rogos e preguntas, polo tanto, estaría fóra de lugar xa esta pregunta, pero en todo caso xa se lle deu resposta.

**E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excm. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as dez horas e trinta minutos do expresado día catorce de outubro de dous mil vinte e un, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.**